

Consellos do Goberno Galego



21.07.2011

- Feijóo destaca que a nova Lei do voluntariado “actualiza, fomenta e prestixia” o traballo dos miles de voluntarios que desenvolven o seu labor en Galicia

14.07.2011

- O presidente da Xunta subliña que a nova Lei de cooperativas permitirá a innovación con novas fórmulas, reforzará o seu compromiso social e afondará na súa autonomía e xestión

Informe do paro rexistrado

O paro aumentou en 1.582 persoas en agosto, un incremento do 0,71% que mantén a Galicia cun mellor comportamento fronte ao Estado

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, valorou este dato que sitúa a Galicia en termos relativos como a terceira comunidade autónoma onde menos sube o paro rexistrado

Memoria 2010

- Desde finais de xullo de 2011 pódese consultar a memoria da Consellería de Traballo e Benestar correspondente ao ano 2010



A Xunta destina 39 millóns de euros anuais a colaborar co CERMI, o Comité de Entidades de Representantes de Persoas con Discapacidade

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou a asemblea extraordinaria do CERMI, o comité que aglutina ás principais asociacións de persoas con discapacidade de Galicia



O plan de cooperación para entidades sen ánimo de lucro de Traballo permitirá a contratación de máis de 1.500 desempregados

- O Goberno galego investirá máis de 24 millóns de euros nesta segunda fase das axudas dos plans de cooperación, que se acaban de resolver e están dirixidas a órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro



Sumario

Cooperativismo	2	Benestar	8
Seguridade e saúde laboral	3	Dependencia	9
Formación-emprego	4-6	Xuventude e Voluntariado	10
Informe do paro rexistrado	6	Publicacións	11
Igualdade	7	Normativa	12-22

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Cooperativismo

A nova Lei de cooperativas permitirá a innovación con novas fórmulas, reforzará o seu compromiso social e afondará na súa autonomía e xestión

- ▶ Destaca que a norma establece a “redución xeneralizada do número mínimo de socios co fin de estimular a posta en marcha destas sociedades”, pasándose dun mínimo actual de catro socios a outro de tres
- ▶ Créase unha nova clase de cooperativa, a denominada cooperativa mixta de traballo asociado, que “se caracteriza por incorporar socios de capital” permitindo que “un dos socios sexa realmente o que capitalice a cooperativa”
- ▶ Resalta que “o novo texto amplía as finalidades do fondo de formación e promoción das cooperativas”, que agora poderá “destinarse á conciliación da vida familiar e persoal, á igualdade da responsabilidade social, e tamén ao apoio a proxectos de emprendedores cooperativos”
- ▶ No ámbito organizativo, a norma flexibiliza “a regulación dos apoderamentos xerais e singulares”: “Calquera persoa física coas facultades de representación, xestión e dirección –explica Feijóo- poderá ser obxecto deste apoderamento legal”



Santiago, 14 de xullo de 2011.- O titular do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, subliñou, na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta, que a nova Lei de cooperativas de Galicia permitirá, no ámbito económico, “a innovación con novas fórmulas”; reforzará “o seu compromiso social” e, no ámbito organizativo, afondará na “autonomía e na profesionalización da xestión das cooperativas”.

Neste sentido, Feijóo explicou que, no tocante á novas fórmulas, a norma permitirá, en primeiro lugar, a “redución xeneralizada do número mínimo de socios co fin de estimular a posta en marcha destas sociedades”, pasándose dun mínimo actual de catro socios a outro de tres.

Ademais, a futura lei creará unha nova clase de cooperativa, a denominada cooperativa mixta de traballo asociado, que, como resaltou o presidente galego, “se caracteriza por incorporar socios de capital” permitindo que “un dos socios sexa realmente o que capitalice a cooperativa”. Deste xeito, impúlsase o cooperativismo no sector industrial, contribuíndo á captación de capital e de posibles terceiros socios, pero preservando o

acceso efectivo dos traballadores da cooperativa á propiedade da empresa.

No que se refire ao reforzo e compromiso social das cooperativas, o titular do Executivo autonómico resaltou que “o novo texto amplía as finalidades do fondo de formación e promoción das cooperativas”. O dito fondo, segundo explicou Feijóo, poderá “destinarse á conciliación da vida familiar e persoal, á igualdade da responsabilidade social, e tamén ao apoio a proxectos de emprendedores cooperativos”. Ademais, incorpóranse disposicións dirixidas a garantir e rexer o principio de igualdade entre homes e mulleres.

Por outra banda, no ámbito organizativo, a nova lei afondará na autonomía e na profesionalización da xestión das cooperativas. Neste contexto, Núñez Feijóo sinalou que a norma permite flexibilizar “a regulación dos apoderamentos xerais e singulares”. “Calquera persoa física coas facultades de representación, xestión e dirección –explicou Feijóo- poderá ser obxecto deste apoderamento legal para facilitar a xestión ordinaria cunha maior profesionalidade, competitividade e axilidade”.

Neste sentido, cómpre sinalar que, actualmente, a lei só permite a delegación de facultades de xestión e dirección a favor de conselleiros delegados, é dicir, a favor de membros do consello reitor. Co cambio, permítese “a delegación a favor de calquera persoa física, facilitando a profesionalización das cooperativas”, incidiu Feijóo.

Así mesmo, a norma posibilita a válida constitución das asembleas xerais en segunda convocatoria, e a plena validez dos acordos adoptados con independencia dos socios asistentes, fronte ao texto actual que, como lembra o presidente da Xunta, “bloqueaba, se non había un quórum, o

funcionamento da cooperativa”.

Neste campo, substitúese, nas cooperativas agrarias, a maioría necesaria para aprobación polo voto ponderado. “Consiste na atribución de máis dun voto aos socios que teñan máis volume de actividade cooperativizada, o que na práctica facilitará a súa aplicabilidade real”, explica Feijóo.

Incremento das cooperativas

O presidente galego apuntou que a norma persegue “adaptar á realidade actual unha normativa vixente”, ao tempo que busca “reforzar un sector tan importante para a nosa comunidade”, que sostén arredor de 20.000 empregos e se configura como “unha forma especialmente útil fronte á crise económica”.

Así, e como lembrou Feijóo, “no 2010 creáronse 40 cooperativas novas e incrementáronse os novos socios en 1.500, o dobre que no ano 2009”, cifras que sitúan ás cooperativas como “unha fórmula mellor, polo menos en época de crise, que outras fórmulas mercantís que existen no noso dereito”.

Esta lei supón, ademais, un novo apoio da Xunta de Galicia ás cooperativas; apoio que, segundo recordou Feijóo, se está materializando xa en “asesoramento e financiamento, con catro millóns de euros para promover o cooperativismo en Galicia”.

“En definitiva, -concluíu Feijóo- a lei persegue flexibilizar, potenciar e capitalizar as cooperativas galegas como un instrumento para facer fronte á crise económica. Trece anos despois, a Xunta aborda unha modificación da lei de cooperativas que abre as portas a novas fórmulas de unión, de organización, e que dá respostas novas a necesidades novas”.



Seguridade e saúde laboral

Traballo destina 1,4 millóns de euros para axudar a 61 entidades galegas a fomentar a prevención de riscos laborais

- ▶ Os beneficiarios son entidades sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade na práctica totalidade dos sectores produtivos galegos
- ▶ As axudas financian actuacións de formación, estudos, realización de ferramentas prácticas, de investigación e de sensibilización

Santiago, 30 de xullo de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar inviste máis de 1,4 millóns nunha orde de axudas destinada a financiar as actuacións de fomento da prevención de riscos laborais (PRL) que desenvolvan entidades sen ánimo de lucro. O departamento autonómico vén de resolver estas subvencións, que chegarán este ano a un total de 61 entidades galegas.

Os beneficiarios desta orde son as entidades sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social en Galicia, e que teñan entre os seus fins o fomento da prevención de riscos laborais entre as empresas e os traballadores.

Estas actuacións chegan á práctica totalidade dos sectores produtivos galegos, con especial

incidencia naqueles que teñen unha maior sinistralidade, como poden ser a construción ou os servizos. Ademais, tamén se subvenciona o fomento da prevención e riscos laborais no eido agrario e pesqueiro; no téxtil; no transporte de mercadorías e no comercio, entre outros.

As actividades que se subvencionan ao abeiro desta orde son moi diversas. Así, finánciase a formación no ámbito da prevención de riscos laborais destinada aos traballadores galegos. Tamén se subvenciona a realización de estudos e traballos técnicos relacionados coa PRL; así como accións de investigación dirixidas a mellorar a prevención de riscos laborais ou para avaliar as condicións de traballo en sectores concretos.

Ademais, subvenciónase tamén a realización de ferramentas prácticas para a implantación de actuacións en seguridade e saúde laboral ou para a difusión e sensibilización sobre a PRL, como poden ser conferencias, xornadas, seminarios ou publicacións.

Esta actuacións inscribíense na importante aposta que está a facer a Xunta por previr os riscos laborais. De feito o departamento autonómico conta co Plan Estratéxico de Prevención de

Riscos Laborais 2011-2014, ao que xa dá resposta o Plan anual de actividade 2011 do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

Este plan estratéxico inclúe obxectivos como a promoción e control dun mellor e máis eficaz cumprimento da normativa, o incremento da calidade e eficacia dos sistemas de prevención nas empresas, a mellora das institucións dedicadas á prevención de riscos e da coordinación entre elas, a potenciación da formación en materia de prevención de riscos, a introdución e consolidación da cultura da prevención na sociedade galega e a mellora ou nivel do coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde laboral.

Ademais, este plan pon de manifesto a necesidade de apoiar especialmente ás pequenas e medianas empresas, ás microempresas e aos autónomos na implantación de políticas de prevención de riscos tendo en conta que son estes modelos empresariais os que máis dificultades teñen para a xestión destas políticas, e que son a columna vertebral do noso tecido produtivo.

A campaña do ISSGA para reducir os accidentes por sobreesforzo na hostalaría e no turismo achégase a 15.000 profesionais

- ▶ A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, acompañada polo vicepresidente de Cehosga, Jesús Sordo, presentou esta iniciativa que se desenvolve en colaboración coa Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia

- ▶ O ISSGA distribuíu 5.000 carteis e 5.000

Santiago, 22 de xullo de 2011.- Un total de 15.000 profesionais do sector hostaleiro e do turismo de Galicia beneficiáronse ao longo do mes de xullo dunha iniciativa orientada a favorecer actitudes máis ergonómicas no desenvolvemento do traballo e adoptar medidas preventivas para evitar as lesións producidas por sobreesforzos.

A directora xeral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, e o vicepresidente da Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia (Cehosga), Jesús Sordo, presentaron esta campaña que se puxo en marcha a finais de xuño en colaboración co Cehosga.

O seu obxectivo é reducir a incidencia dos

dípticos entre os traballadores do sector nos que se explican unha serie de normas e consellos para evitar sobreesforzos

- ▶ Esta actuación forma parte do Plan de Actividades 2011 do ISSGA que como novidade este ano inclúe un programa de loita contra este tipo de sinistros e a elaboración dun mapa de riscos ergonómicos de Galicia

accidentes laborais por sobreesforzos neste sector. Para iso, o ISSGA distribuíu 5.000 carteis e 5.000 dípticos entre os traballadores de aloxamentos turísticos, de restauración e de intermediación turística, entre outras actividades, baixo o lema ‘Alixeira a carga... evita os sobreesforzos’, nos que se explican as tarefas que poden causar este tipo de lesións e unha serie de normas e consellos para seguir no manexo de cargas.

Quinzá-Torroja explicou que no sector da hostalaría e turismo a incidencia e magnitude do risco dos sobreesforzos é máis relevante debido a numerosos factores característicos da súa actividade como os ritmos de traballo intensos, a multiplicidade de tarefas e a temporalidade. As

principais consecuencias para a saúde dos profesionais son problemas músculoesqueléticos, que afectan a súa calidade de vida e conlevan tamén un importante custo social.

Por iso, a campaña incide, sobre todo, nos trastornos musculoesqueléticos que son, case sempre, dores acumulativas resultantes dunha manipulación repetida de cargas incómodas ou pesadas ao longo dun período prolongado.

O contido desta campaña susténtase, pois, en concienciar os profesionais para que afronten o desenvolvemento da súa actividade con actitudes máis ergonómicas, evitando posturas incómodas, tarefas repetitivas ou esforzos prolongados, e aplicando técnicas ergonómicas na manipulación de cargas.

Esta iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar forma parte do Plan de Actividades 2011 do ISSGA que como novidade este ano fai especial fincapé na prevención de accidentes laborais por causa de sobreesforzos. Así, o plan inclúe un programa de loita contra este tipo de sinistros e a elaboración dun mapa de riscos ergonómicos de Galicia.

Formación e emprego

Máis de 24 millóns de euros na segunda fase das axudas dos plans de cooperación, que están dirixidas a órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

- ▶ A través desta modalidade dos plans de cooperación poderán contratarse persoas desempregadas para a prestación de servizos de interese xeral e social ou axentes de emprego e unidades de apoio para colaborar na implantación das políticas activas de emprego
- ▶ Os contratos terán unha duración máxima de 12 meses
- ▶ Esta contía súmase aos preto de 48,5 millóns de euros financiados por medio deste programa para subvencionar a contratación de máis de 5.100 persoas desempregadas a través de entidades locais, unha orde que foi resolta a principios de verán
- ▶ En total, os plans de cooperación beneficiarán este ano a máis de 6.700 persoas desempregadas, o que supón un investimento de máis de 72,5 millóns de euros
- ▶ Con respecto a 2010, poderanse contratar a 1.500 persoas máis e o investimento será un 21 por cento maior

Santiago, 11 de agosto de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de resolver a orde de axudas dos plans de cooperación dirixida a entidades sen ánimo de lucro. Esta liña de actuación do Goberno galego permitirá a contratación de máis de 1.500 desempregados, 300 máis que o ano anterior, a través dos máis de 24 millóns de euros que se investirán nesta actuación, un 21,5 por cento máis que o exercicio anterior.

Así o explicou o director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, quen destacou que estas subvencións se suman aos preto de 48,5 millóns de euros que se financiaron para a contratación de persoas desempregadas a través de entidades locais, a outra modalidade dos plans de cooperación. Esta orde de axudas, que se resolveu a principios deste verán, está a beneficiar xa a preto de 5.200 persoas.

Deste xeito, os plans de cooperación da Xunta de Galicia, aos que se destinan ao redor de 72,5 millóns de euros, beneficiarán este ano a máis de 6.700 persoas en paro, preto de 1.500 máis que en 2010. A contía global con respecto ao ano anterior

aumentou nun 21 por cento.

Con respecto á vertente deste programa dirixida a entidades sen ánimo de lucro, Hermida explicou que as axudas abranguen a un número importante de asociacións de tipoloxía moi variada, desde entidades públicas ata universidades.

Neste senso, o director xeral apuntou que, de media, un 28 por cento dos beneficiarios destas axudas foron asociacións de discapacidade e indicou que todas as subvencións que se concederon son para a prestación de servizos de interese xeral e social. Tamén foron beneficiarios destas axudas colectivos de loita contra a exclusión social, axentes sociais, colectivos de autónomos ou asociacións culturais, agrarias e cámaras de comercio, entre outros.

As axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro contan con dúas tipoloxías diferentes: subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social, e axudas para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio para o fomento do emprego

co obxectivo de colaborar na implantación das políticas activas de emprego e na realización de funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de actividade empresarial.

Prestación de servizos

Con respecto á primeira modalidade, as axudas para contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos, a Consellería de Traballo e Benestar destinou 19,3 millóns de euros, o que permitirá contratar a máis de 1.300 desempregados.

As persoas beneficiarias poderán optar a un contrato laboral por un máximo de 9 meses e priorizarase os mozos e mozas sen traballo. As axudas chegarán a entidades de 134 concellos galegos. As resolucións remitiranse nos vindeiros días.

As axudas concedéronse en base a criterios obxectivos, avaliándose nos proxectos os que tiveran maior interese xeral e social, un maior nivel de inserción laboral ou os de ámbito de actuación superior ao municipal, entre outros.

Traballo promove a contratación de 280 axentes de emprego e desenvolvemento local cun investimento de 6,3 millóns de euros

Santiago, 18 de agosto de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar promove a contratación de máis de 280 axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL) a través dun investimento de, ao redor de, 6,3 millóns de euros. A función principal destes técnicos é a implantación das políticas activas de emprego e a xeración de postos de traballo no contorno local e rural. Os contratos novos que se asinen ou os que sexan prórrogas terán unha duración máxima de 12 meses.

O director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, presentou hoxe esta liña de axudas que se suma ás subvencións xa resoltas

relativas aos programas de cooperación, tanto os dirixidos a entidades locais como a entidades sen ánimo de lucro.

Así, o responsable da área autonómica destacou que o Goberno galego destinará este ano un total de 78,9 millóns de euros en medidas de fomento da empregabilidade que beneficiarán a contratación de preto de 7.000 persoas. Este montante é o resultado da suma das subvencións concedidas a través dos programas de cooperación (72,5 millóns de euros) e a través da convocatoria de axudas a axentes de emprego e desenvolvemento local (6,3 millóns de euros).

Con respecto a esta última liña de subvencións, que foi a presentada por Hermida, o Diario Oficial de Galicia (DOG nº157, do 18.08.2011) publicou a iniciativa para a contratación destes profesionais, que se configuran como impulsores do desenvolvemento económico e do emprego nos seus territorios, en tanto que promoven a creación e consolidación de iniciativas emprendedoras, potencian o autoemprego e as empresas da economía social, e favorecen a inserción laboral dos desempregados.

Traballo programa ata decembro 575 novos cursos de formación que beneficiarán a máis de 8.700 persoas desempregadas

Santiago, 10 de agosto de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de programar os cursos de formación para persoas desempregadas que se desenvolverán ao longo do segundo semestre do ano. Entre xullo e decembro desenvolveranse un total de 575 novas accións formativas que poderán beneficiar a máis de 8.700 galegos e galegas. Estes cursos, nos que a Xunta está a investir máis de 33 millóns de euros, súmanse aos que xa se puxeron en marcha no primeiro semestre do ano. Ademais, ao longo do segundo semestre convocaranse novas accións formativas, á parte das 575 xa programadas a 1 de xullo.

En total, a Xunta destinará en 2011 máis de 69 millóns de euros a cursos de formación para persoas desempregadas, que se están a impartir tanto nos centros da consellería como nas entidades colaboradoras. O incremento do orzamento é dun 5,6 por cento con respecto a 2010. Esta actuación beneficiará ao longo de todo o ano a máis de 23.000 galegos e galegas desempregadas. Os cursos sumarán ao redor dos 1.500.

Coa programación que está a levar a cabo o departamento que dirixe Beatriz Mato estase a iniciar un xiro das políticas activas de emprego co reforzo da actividade formativa. O seu obxectivo é incrementar a programación acreditable, especialmente aquela dirixida á obtención dos novos certificados de profesionalidade.

A formación acreditable permitirá aos alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal, que, ao mesmo tempo, terá efectos académicos no eido do sistema educativo e profesionais recoñecidos na lexislación vixente.

Por outra banda, os cursos de formación profesional para o emprego constitúen un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego por tratarse dunha medida de mellora da empregabilidade das persoas en paro que se recolle na Estratexia Europea de Emprego e no Plan Nacional de Acción para o Emprego.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional establece que este tipo de formación é unha vía fundamental para conseguir un incremento da competencia, da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral dos traballadores desocupados.

Así, a través desta iniciativa, a Xunta está a facer unha importante aposta por unha formación para o emprego cos máximos niveis de calidade e excelencia, precisos neste contexto de crise económica e laboral. Traballo e Benestar busca deste xeito ofertar unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral e ás esixencias de competitividade das empresas.

Tamén pretende cubrir as aspiracións dos traballadores en materia de promoción profesional e desenvolvemento persoal, a fin de capacitalos para o desempeño cualificado das diferentes ocupacións e o acceso ao emprego.

O Centro de Novas Tecnoloxías oferta unha programación con máis de 70 actividades para o curso 2011/2012



Santiago, 3 de agosto de 2011.- O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, oferta unha programación formativa punteira a nivel estatal que ten xa 71 actividades confirmadas para o curso 2011/2012, o que supón unha renovación respecto ao período 2010/2011 nunha porcentaxe do 35%.

Destas actividades, o número de cursos que se van a realizar ascende a 53 (14 en 2011 e 39 entre xaneiro e xullo de 2012), que se corresponden cun total de 797 prazas de alumnos e alumnas, un 4,4% máis respecto á anterior programación. A oferta formativa completárase e complementarase coa celebración de seminarios e xornadas tecnolóxicas de acceso gratuito e onde a asistencia está unicamente condicionada ao aforo do local.

As actividades previstas teñen unha clara orientación laboral e destacan pola diversidade de temas e pola elevada calidade dos currículos formativos que nel se inclúen. O centro imparte formación para o emprego de carácter técnico, intensivo e especializado, dirixida preferentemente aos profesionais do sector das tecnoloxías da información e a comunicación.

En concreto, as accións formativas, impartidas por profesorado técnico e cualificado nos últimos produtos tecnolóxicos, incorporan novas iniciativas relacionadas con diferentes tecnoloxías non tratadas en programacións anteriores (Zentyal, RIM Blackberry e Prince2), e niveis superiores de formación relativos a metodoloxías, produtos ou ferramentas xa presentes en anteriores programas e que acadaron un alto nivel de demanda (ITILv3 Service Operation Lifecycle ou ITILv3 Operation Support and Analysis Capability, entre outros).

As novidades incorporadas na oferta inciden en todas as áreas formativas: sistemas, desenvolvemento, seguridade, xestión e dirección ou metodoloxías, incluíndo novos cursos como os relativos a administración de redes Linux con Zentyal, o deseño áxil con Test Driven

Development (TDD), a seguridade en contornos web e a detección de intrusos, Tuning con Oracle Database, Prince2 Foundation ou Windows Azure Developer.

A oferta completárase coa celebración de seminarios e xornadas tecnolóxicas de acceso gratuito. Para o cuarto trimestre de 2011 xa están pechados diversos eventos relacionados coa tecnoloxía Java, a optimización do uso de bdd Oracle, o testeo de software, a implementación de técnicas de seguridade perimetral, a seguridade web ou o "cloud computing".

Do total de asistentes aos cursos, 677 alumnos e alumnas terán a posibilidade de realizar, gratuitamente, un exame de certificación oficial relacionado coa materia formativa do curso ao que asistan.

Con carácter xeral existirán dous períodos certificadores ao longo do ano que se realizarán nas propias instalacións do CNTG: un en xaneiro, para os cursos realizados no cuarto trimestre de 2011; e outro en xuño, para aquelas accións formativas impartidas nos dous primeiros trimestres do ano 2012. Estas datas son orientativas e poderán estar suxeitas a cambios en función do desenvolvemento e evolución de cada programa formativo, podendo incluso convocarse procesos certificadores relativos a cursos específicos en datas diferentes ás dos períodos citados.

En todo caso, os exames de certificación dirixidos a obter as acreditacións oficiais como Scrum Manager, APMG PRINCE2 Foundation, ITIL v3 Service Operation Lifecycle e/ou ITIL v3 Operation Support and Analysis Capability terán lugar na derradeira sesión de cada unha das citadas accións formativas.

O CNTG publicará no seu portal web, <http://cntg.xunta.es>, a relación de cursos na vindeira programación así como apoio informativo para aquelas persoas interesadas en se inscribir, podéndose consultar a partir dese momento no propio portal do centro as fichas descritivas de cada un dos cursos previstos.

A data de apertura dos prazos de inscrición para os primeiros cursos a celebrar no cuarto trimestre de 2011 abrirase o día 1 de setembro. Os primeiros cursos comezarán a mediados do mes de outubro. A data de remate para anotarse a estas primeiras accións formativas finalizará o día 3 de outubro.

As probas de selección de acceso terán lugar o luns 10 de outubro.

Informe do paro rexistrado

O paro aumentou en 1.582 persoas en agosto, un incremento do 0,71% que mantén a Galicia cun mellor comportamento fronte ao Estado

Santiago, 2 de setembro de 2011.- Galicia pechou o pasado mes de agosto con 224.582 persoas desempregadas, o que supón 1.582 parados máis con respecto ao mes de xullo. En termos porcentuais supón un incremento do 0,71 por cento que mantén a Galicia cun mellor comportamento fronte ao Estado.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, valorou esta cifra, destacando que "agosto acostuma ser un mes no que o paro rexistrado soe aumentar polo cese dos contratos estivais". De todos modos, indicou que "o incremento deste mes de agosto é inferior ao dos últimos tres anos". De xullo a agosto de 2008 o incremento

situouse en 3.119 persoas desempregadas; de xullo a agosto de 2009 aumentou en 2.382 persoas; de xullo a agosto de 2010 en 1.743; e de xullo a agosto deste ano en 1.582.

Con respecto aos datos estatais, Díaz López destacou que Galicia foi no mes de agosto a terceira comunidade autónoma onde menos aumentou o paro en termos relativos.

Ademais, a media de incremento de Galicia sitúase por debaixo da media do Estado, xa que en España a media do aumento foi do 1,25 por cento, fronte ao 0,71 por cento de Galicia. En termos absolutos, o aumento do paro no Estado supón un total de 51.185 persoas desempregadas máis, o que sitúa o

desemprego en 4.130.927 persoas.



Díaz López afirmou tamén que aínda que "temos que ser prudentes, o dato da evolución anual e o interanual veñen a confirmar a contención na destrución de emprego". En concreto, apuntou que no que vai de ano o paro diminuíu en 12.731 persoas, o que representa en valores porcentuais un descenso do 5,36 por cento.

No que se refire a termos interanuais, o número de persoas desempregadas aumentou en Galicia en 13.050 persoas, o que supón unha porcentaxe do 6,17 por cento desde agosto de 2010 a agosto de 2011. De agosto de 2009 a agosto de 2010 o incremento foi de 16.291 persoas.

O desemprego neste mes de agosto baixou no sector da agricultura e pesca con 117 persoas desempregadas menos (-2,01%) e no colectivo sen emprego anterior con 162 parados menos (-0,61%).

O paro rexistrado subiu en todas as provincias menos en Ourense onde descendeu en 187 persoas. Na provincia da Coruña o paro rexistrado ascendeu en 1.230 persoas, en 305 en Lugo e 234 en Pontevedra.

Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia no mes de agosto un total de 59.850 contratos. Deste total, 3.850 foron indefinidos (6,43 por cento) e 56.000 temporais (93,57%).



Igualdade

Mato entrega o primeiro distintivo da Marca de Excelencia Empresarial Galega en Igualdade que outorga a Xunta

- A Consellería de Traballo e Benestar creou o ano pasado este distintivo que reconece o labor das empresas para avanzar cara á igualdade real entre mulleres e homes no eido laboral
- A obtención desta marca supón diversos beneficios para as empresas que a acadan como a prioridade de acceso ás subvencións ou contratos coa Administración autonómica

- Mato destacou que é un compromiso que inclúe a igualdade como "un aspecto básico do funcionamento cotián da empresa"
- Na actualidade, a Xunta está a valorar ou complementar unha decena de solicitudes que recibiu nos últimos meses
- O selo pode renovarse anualmente e o prazo para presentar a solicitude para a súa obtención por primeira vez está sempre aberto



A Coruña, 27 de xullo de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, fixo entrega do primeiro distintivo da Marca de Excelencia Empresarial Galega en Igualdade que outorga a Xunta. Neste caso, a galardoada foi a empresa CIESA Ingeniería con sede na Coruña. O departamento autonómico creou o ano pasado este distintivo que reconece o labor das empresas para avanzar cara á igualdade real entre mulleres e homes no eido laboral.

A titular da Consellería destacou que esta marca non é "un mero distintivo", xa que a súa obtención supón diversos beneficios para as empresas, como son a prioridade de acceso ás subvencións ou contratos coa Xunta de Galicia, sempre que exista igualdade na oferta; as axudas para a asistencia dos cargos directivos a accións formativas en materia de igualdade e, tamén, as axudas para implantación de medidas de conciliación.

Outros beneficios son a prioridade de acceso ás axudas para a contratación por tempo indefinido dun axente de igualdade e a concesión de subvencións nas cotizacións sociais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais a cargo da empresa.

Entre os requisitos para obter o distintivo destacan a existencia dunha representación axeitada das mulleres en todas as categorías profesionais, incluíndo os postos directivos, as garantías e melloras dos dereitos de conciliación, a publicidade non sexista dos produtos ou

servizos da empresa e o establecemento de medidas preventivas e de sanción do acoso sexual ou moral por razón de xénero.

"É unha marca que certifica as boas prácticas das empresas para facer efectivos e garantir os principios da igualdade nos ámbitos das remuneracións, do acceso aos postos de responsabilidade e da promoción da conciliación", apuntou Mato.

Así, indicou que o obxectivo do Goberno galego con esta iniciativa é afondar no desenvolvemento do principio de equidade no ámbito empresarial, na economía e na sociedade galega. "É un compromiso que inclúe a igualdade como un aspecto básico do funcionamento cotián da empresa", subliñou a conselleira.

Por último, Mato afirmou que a Consellería de Traballo e Benestar está a valorar na actualidade unha decena de solicitudes que recibiu nos últimos meses para a obtención desta marca. "Estamos a analizar as súas solicitudes ou a complementalas por parte das propias empresas coa posta en marcha, de forma voluntaria, de plans de igualdade", apostilou.

Neste senso, é preciso lembrar que non todas as empresas están obrigadas a ter plans de igualdade, só aquelas que teñen máis de 250 traballadores e traballadoras; tamén están obrigadas as que contan cunha sanción da Inspección de Traballo en lugar dunha sanción pecuniaria; e as que por convenio colectivo así o establecen.

As firmas que non están obrigadas a contar

cun plan de igualdade e deciden implantalo voluntariamente poden optar a unha convocatoria de axudas que anualmente concede a Consellería de Traballo e Benestar. Con estas subvencións ou ben abóase a contratación dunha persoa que se encarga de elaborar e facer o seguimento do plan ou ben dunha empresa. O orzamento destinado este ano a esta iniciativa ascende a 280.000 euros. Na actualidade, a Dirección Xeral de Relacións Laborais está na fase de resolución dun total de 103 solicitudes.

A Marca de Excelencia Empresarial Galega en Igualdade é un distintivo que pode renovarse anualmente, sempre que a empresa manteña ou mellore os requisitos que a levaron a obter este selo. O prazo para presentar a solicitude sempre está aberto e non existe máximo e mínimo de distincións anuais a entregar por parte da Xunta.

Valores da empresa premiada

Entre os requisitos que cumpriu a empresa CIESA Ingeniería, con sede na Coruña, para obter a Marca de Excelencia Empresarial Galega en Igualdade da Xunta de Galicia destacan a implantación de medidas de conciliación e flexibilidade horaria para homes e mulleres e a igualdade de salarios en todas as categorías da firma. Ademais, a empresa non conta con publicidade sexista e ten un cadro de persoal equilibrado en todas as súas categorías.

Benestar

Preto de 300 participantes no Plan de Inclusión da Xunta accederon a un posto de traballo no primeiro semestre do ano

- As distintas accións formativas chegaron a máis de 400 persoas
- Arredor de 1.230 novos beneficiarios incorporáronse ao devandito plan neses seis meses

Santiago, 23 de xullo de 2011.- O labor desenvolvido polos técnicos do II Plan Galego de Inclusión Social (II PGIS) da Consellería de Traballo e Benestar durante os seis primeiros meses deste ano resultou na incorporación de 289 persoas a un posto de traballo.

Do total de participantes no plan que logrou a inserción laboral, 114 son homes e 175 son mulleres. Ademais, a contratación foi a tempo completo en 208 dos casos e a tempo parcial

en 68, mentres que 13 persoas optaron polo autoemprego.

Itinerario personalizado

Se ben a inserción laboral é o obxectivo final perseguido polas accións desenvolvidas no marco do Plan de Inclusión, a atención aos participantes, persoas en risco de exclusión, ten tamén outros pasos intermedios antes de lograr acceder a un posto de traballo.

Así, os técnicos de inclusión deseñan para cada novo participante un itinerario de inserción sociolaboral, un percorrido personalizado coas distintas accións do plan das que se poderá beneficiar no camiño cara á inserción sociolaboral. No que vai de ano, incorporáronse ao II PGIS 1.232 novos beneficiarios.

Ademais de accións preformativas dirixidas á adquisición de estratexias de desenvolvemento persoal e de habilidades sociais, eses itinerarios poden incluír distintas accións formativas, como formación ocupacional ou prácticas en empresas, todas elas co obxectivo de mellorar o perfil profesional dos asistentes e, polo tanto, as súas opcións de acceder a un posto de traballo. No primeiro semestre deste ano beneficiáronse desa formación 414 persoas.

O II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e pola Xunta de Galicia e é xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que conta con 19 equipos de inclusión.

Máis de 2.000 profesionais dos eidos educativo e policial solicitaron o acceso ao Rexistro Unificado de Maltrato Infantil

- O RUMI é unha ferramenta informática de notificación e rexistro dos malos tratos aos menores
- O sistema conta con 220 usuarios da policía local e xudicial, así como outros 1.848 de centros educativos

Santiago, 9 de agosto.- Un total de 2.068 profesionais dos eidos educativo e policial están xa dados de alta no uso no Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), unha ferramenta informática cuxa finalidade é notificar os malos tratos aos menores con maior rapidez e efectividade ante calquera indicio.

A través do RUMI, os profesionais dos eidos educativo e policial poden sinalar, dentro dun catálogo de síntomas, cales son os que aprecian nun neno ou nena. Estes síntomas aparecen asociados a cada un dos principais tipos de maltrato: o físico, a negligencia, o emocional e o abuso sexual. Este sistema facilita a tarefa de decidir se unha determinada circunstancia observada nun menor pode ser indicativa de maltrato.

No RUMI tamén se achega información sobre o significado de cada termo e o grao de gravidade de cada un dos tipos de maltrato, así como a necesidade de comunicar calquera sospeita de maltrato.

Cando un usuario realiza esta última actuación, que de ningún xeito representa unha diagnose da situación, esa notificación é remitida

automaticamente ao Servizo de Defensa do Menor da Consellería de Traballo e Benestar, e a estas mesmas unidades dos departamentos territoriais correspondentes.

Neste último punto, a Administración galega pon en marcha un protocolo de actuación executado polos equipos técnicos do menor para comprobar se existe ou non maltrato a un menor e aplicar as medidas oportunas segundo o caso.

O obxectivo deste instrumento é incrementar a efectividade e reducir os tempos de intervención dos equipos de menores ante un indicio de maltrato ao acurtar os tempos de comunicación e introducir no rexistro unha primeira avaliación de cada caso. Ademais, pretende mellorar a información existente no eido estatal ao achegar datos da comunidade.

220 usuarios do eido policial e 1.848 do educativo

Na actualidade, son 220 os usuarios de centros de traballo da policía local e xudicial, aos que se suman os 1.848 procedentes de centros educativos da comunidade galega.

Deste xeito, o Goberno galego pretende garantir que os dereitos do menor se cumpran axeitadamente a través do estudo profesional e confidencial de cada unha das notificacións remitidas. Polo de agora, esta aplicación está a ser implantada nos eidos educativo e policial, malia que nun futuro podería ampliarse aos ámbitos sanitario, social e xudicial.



Dependencia

A Xunta destina 39 millóns de euros anuais a colaborar co CERMI, o Comité de Entidades de Representantes de Persoas con Discapacidade

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou hoxe a asemblea extraordinaria do CERMI, o comité que aglutina as principais asociacións de persoas con discapacidade de Galicia
- A responsable do departamento autonómico lembrou que o Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade que está a executar o Goberno galego constitúe a primeira estratexia específica de Galicia neste eido
- Mato destaca que a Xunta está a facer “un importante esforzo” para garantir aos cidadáns os servizos básicos e para seguir avanzando na construción dunha sociedade “con maiores niveis de calidade de vida para todas as persoas sen excepcións”
- O Goberno galego incrementou nun 12,6 por cento desde o comezo da lexislatura as prazas para persoas con discapacidade



Santiago, 28 de xullo de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar está a destinar anualmente preto de 39 millóns de euros para colaborar e apoiar as entidades de representantes de persoas con discapacidade de Galicia que aglutina CERMI. A responsable do departamento autonómico, Beatriz Mato, gabou o labor que están a desenvolver os colectivos que traballan coas persoas con discapacidade na inauguración

da asemblea extraordinaria que celebrou o comité de entidades de representantes de persoas con discapacidade (CERMI) en Santiago para elixir o novo comité executivo para os vindeiros catro anos.

Mato indicou que esta colaboración cos principais colectivos que en Galicia traballan a favor das persoas con discapacidade tradúcese no concerto de prazas, plans de cooperación e axuda ao mantemento de todas as entidades que conforman CERMI, entre outras actuacións.

Así mesmo, a conselleira de Traballo e Benestar destacou que o Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade 2010-2013, que está a desenvolver na actualidade o Goberno galego, constitúe a primeira estratexia de Galicia nesta materia.

Neste senso, lembrou que este proxecto foi deseñado co consenso dos principais colectivos

que traballan coas persoas con discapacidade. “A achega do CERMI ás diferentes mesas de traballo para a composición e posta en marcha deste plan foi esencial e a súa colaboración tamén o será no seu desenvolvemento”, engadiu.

